

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL
CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS,
CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3º. – SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

ARTIGO 4º. – RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. – COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

<i>CONCEPTO</i>	<i>€/M²/ANO</i>		
	<i>RÚAS DE 1ª</i>	<i>RÚAS DE 2ª</i>	<i>RÚAS DE 3ª</i>
Ocupación ou reserva de vía pública con mesas, cadeiras ou semellantes	24,40 €/ano	18,28 €/ano	12,92 €/ano

Con carácter excepcional, durante as Festas do Albariño, os establecementos de hostelería poderán efectuar unha venda nos exteriores dos seus locais. Para tal fin, deberán formular a correspondente solicitude de autorización perante a Alcaldía, previo o ingreso nas arcas municipais das cantidades de 608,25 € para as barras e terrazas que impliquen o corte da rúa e de 333,21 € para o resto das terrazas. Dita autorización deberá solicitarse como mínimo 20 días naturais antes do comezo das Festas do Albariño, debendo estar ó corrente coas obrigas tributarias do Concello.

ARTIGO 6º. – BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º. – PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta, que se producirá no momento da citada alta.

A taxa retribuirase o primeiro día do período impositivo, agás cando se trate de novos aproveitamentos que será o primeiro día do mes natural no que se conceda a autorización ,ou se inicie o aproveitamento sen ter obtida a preceptiva licenza.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

- As persoas ou entidades interesadas na autorización para realizalos aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa, deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. No mesmo acto de presentación da solicitude o suxeito pasivo deberá autoliquidar a taxa correspondente, segundo as tarifas fixadas no artigo 5º da presente ordenanza fiscal e utilizando o modelo establecido para tal fin.

Tramitado o expediente e previamente ó outorgamento da licenza, practicarase a liquidación tributaria correspondente, confirmando a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo ou xerando unha liquidación complementaria se esta fora maior que a autoliquidada no seu día ou procedendo á devolución de ingresos nos supostos que fora menor.

Se a resolución administrativa fora denegatoria da pretensión formulada por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederase á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no mes seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa por instalación de quioscos na vía pública.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito impoñible.